

Día a día con diabetes

Ciclos: 1º, 2º e 3º

Tema: Medir o nivel de glicosa no sangue

PROFESOR

ALUMNOS

1/3



www.fundaciondiabetes.org

Para calquera que teña diabetes, sobre todo se é neno, os controis do nivel de glicosa que ten no sangue son a principal fonte de información para coñecer o seu estado e evitar descompensacións.

Por iso, é moi probable que o alumno deba realizar varios destes controis durante o horario escolar.

O instrumento que utiliza para iso chámase REFLECTÓMETRO. Outros chámanlle glicómetro ou aparato para mirar o azucre.



Hai moitos modelos diferentes, pero basicamente todos seguen a mesma mecánica:

- 1º. O neno realiza unha pequena punción no dedo cun picador provisto dunha microagulla.
- 2º. Deposita a gota de sangue nunha tira reactiva que previamente se inseriu na máquina.
- 3º. Tras uns poucos segundos, esta reflicte o resultado en forma de cifra nunha pequena pantalla dixital.

Normalmente, o neno apunta o resultado nun diario que lle axuda a el e aos sanitarios que o tratan a axustar o tratamento. Non obstante, os modernos aparatos levan unha memoria que rexistra os resultados, polo que o alumno pode esperar a chegar á casa para apuntar todos os valores da xornada.

Día a día con diabetes

Ciclos: 1º, 2º e 3º

Tema: Medir o nivel de glicosa no sangue

PROFESOR

ALUMNOS

2/3



www.fundaciondiabetes.org

Salvo excepcións, todos os nenos de primaria con diabetes adquiriron a destreza para medir o nivel de glicosa por si mesmos, xa que é un dos primeiros obxectivos do programa de educación diabetolóxica que o neno ou a nena seguiu tras o seu diagnóstico de diabetes.

Non obstante, non está de máis que o titor aprenda o procedemento. Suxíroche que ti mesmo realices unha auto comprobación. Non temas, é practicamente indoloro. Por hixiene, a microagulla non se pode compartir.

Normalmente, o reflectómetro pórtao o propio neno, aínda que en ocasións os pais facilitan un para que o teña o titor na súa mesa.

CANDO DEBE REALIZARSE?

Depende da indicación terapéutica do equipo sanitario que supervisa a evolución do neno. En xeral, debe mirarse o nivel de glicosa antes de cada comida (incluída a media mañá e a merenda), antes da clase de educación física e cando o neno percibe síntomas de que o seu nivel de glicosa baixou máis do desexable (hipoglicemia). Isto último pode acontecer en calquera momento do día, pero especialmente tras realizar un exercicio máis intenso do habitual.

Por iso convén que lle facilites a realización das devanditas medicións, normalizándoas.

Non é oportuno darlle demasiada importancia, abondará con que despois te intereses por se está ben ou non.

Como podes imaxinar, algúns nenos utilízano para converterse no centro de atención, mentres que a outros lles acontece o contrario: tenden a esconderse ou a evitar medir a glicosa para non ser o centro de atención.

Trátase, pois, de conseguir que ese acto só sirva para comprobar os niveis de glicosa e nada máis.

Día a día con diabetes

Ciclos: 1º, 2º e 3º

Tema: Medir o nivel de glicosa no sangue

PROFESOR

ALUMNOS

3/3



www.fundaciondiabetes.org

ACTIVIDADES RECOMENDADAS

TÍTULO	DESCRIPCIÓN	CICLO	REF.
Que necesita Carol?	Realización dun quebracabezas cos obxectos que necesita o neno con diabetes para o seu autocoidado.	1º	09
Traballando con números (2)	Ordenar de menor a maior. Sumas.	1º	12
Traballando con números (3)	De números a letras e de letras a números.	1º	13
Modelo para o titor	Modelo preparado para deseñar exercicios.	1º	15